

I Xornada de *Negocio e Networking*

# “Facendo nacer as oportunidades”

O próximo 16 de febreiro celebrarase a primeira edición da **Xornada de Negocio e Networking Cluster TIC Galicia**, que terá lugar en Santiago de Compostela.

A Xornada será un punto de encontro entre **profesionais, empresarios e emprendedores** do sector TIC, cun obxectivo moi claro: coñecerse persoal e profesionalmente como primeiro paso para poñer en marcha oportunidades de negocio.

Todos os participantes manterán entre si **encontros cara a cara**. Un sistema de rotación garantirá que, ao cabo da xornada, cada un dos participantes teña mantido unha entrevista persoal con cada un dos outros participantes. Esta mecánica é ideal para identificar posibles clientes, socios, colaboradores ou provedores. Ou mesmo desenvolver **ideas** que permitan iniciar liñas de **cooperación**.

Cada participante disporá de fichas de información sobre todos os demais, coas que poderá preparar os encontros bis a bis.

Non deixes pasar esta oportunidade. Fai nacer as oportunidades que permitirán crecer ao teu negocio. Apúntate á Xornada cubrindo o **formulario de participación** e remitíndoo a **info@clusterticgalicia.com**

## Primeira Xornada de Negocio e Networking Cluster TIC Galicia

**16 de febreiro de 2012** Hotel Los Abetos. San Lázaro, s/n. 15820 Santiago de Compostela

- 9:30h.** Recepción dos participantes
- 9:45h.** Presentación da xornada
- 10h.** Primeira rolda de encontros bis a bis
- 12h.** Café
- 12:30h.** Segunda rolda de encontros bis a bis
- 14:30h.** Almorzo

Prezo para socios Cluster TIC Galicia: **39€**

Prezo para socios de entidades integradas no Cluster TIC Galicia: **49€**

Prezo para non socios: **59€**

**Todos os prezos inclúen o almorzo.**